

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032391	Santiago	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AGA	Agraria	CSAGA01	Xestión forestal e do medio natural	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0814	Xestión de montes	2023/2024	0	157	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN CARLOS DOCE CARUNCHO
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación
2.1. Primeira parte da proba
2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Coordina e realiza os traballos de inventario forestal e de medición de árbores e de masas forestais, tendo en conta a súa relación coas técnicas dasométricas e coa ordenación de montes.
RA2 - Supervisa os tratamentos silvícolas das masas forestais, para o que caracteriza os procedementos de execución.
RA3 - Coordina e controla os traballos de reforestación e forestación, para o que analiza os métodos e as técnicas de cada proceso.
RA4 - Establece e supervisa os traballos de restauración hidrolóxico-forestal, para o que analiza as condicións edafoclimáticas de construción e o estado da vexetación.
RA5 - Programa os traballos silvícolas, de repoboación e de restauración hidrolóxico-forestal con base nun proxecto, para o que analiza os factores técnicos e as actuacións deses traballos.
RA6 - Coordina e controla os traballos de apertura e mantemento de camiños forestais, para o que analiza as técnicas básicas de construción.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense as masas forestais, os tipos de montes e a súa división.
CA1.2 Caracterizáronse os tipos de inventario forestal.
CA1.8 Caracterizáronse as bases da ordenación de montes e os proxectos e plans técnicos.
CA1.9 Analizáronse as instrucións para a ordenación dos montes.
CA2.1 Concretáronse as bases e os principios da silvicultura.
CA2.2 Descríbense os tratamentos silvícolas sobre o solo e sobre o voo.

Crterios de avaliación do currículo

CA2.3 Realizáronse e controláronse os traballos de mellora das especies implantadas.

CA2.4 Concretáronse e vixiáronse os labores culturais sobre as masas forestais.

CA2.5 Determinouse a superficie e o momento de corta nos tratamentos silvícolas sobre o voo.

CA2.7 Realizouse e verificouse a poda das árbores.

CA2.8 Descríronse os tratamentos silvícolas específicos sobre devesas, sobreiras (para a produción de casca), piñeiros de piñóns (para a produción de piñas) e masas para resinación.

CA3.1 Descríronse as fases dunha reforestación e dunha forestación.

CA3.2 Determinouse a especie que se vaia repoboar en función das condicións edafoclimáticas.

CA3.3 Supervisouse a preparación do terreo e a eliminación da vexetación da zona que se vaia reforestar ou forestar.

CA3.5 Realizáronse e comprobáronse os traballos de sementeira, plantación e reposición de fallas.

CA3.6 Realizáronse e supervisáronse os traballos de protección das plantas contra a fauna.

CA4.1 Descríronse as técnicas de recuperación de vexetación riparia degradada.

CA4.2 Relacionouse o relevo, o clima e a cuberta vexetal coa erosión do solo.

CA4.3 Organizáronse e supervisáronse os traballos de control de matogueiras en áreas críticas.

CA4.4 Realizouse e supervisouse a estabilización de leitos con traballos de restauración de vexetación riparia.

CA4.5 Desenvolveuse e supervisouse a construción das defensas contra aludes.

CA4.6 Descríronse os detalles construtivos de obras de corrección de leitos.

CA4.7 Inspeccionáronse os traballos de protección de terreos inestables.

CA5.1 Descríronse as partes dun proxecto ou un plan técnico de traballos silvícolas, de repoboación e de restauración hidrolóxico-forestal.

Criterios de avaliación do currículo
CA5.4 Descríbense as partes dun estudo de impacto ambiental en traballos silvícolas, de repoboación e de restauración hidrolóxico-forestal.
CA5.8 Realizáronse os informes referidos aos traballos, aos rendementos e á viabilidade legal.
CA6.1 Detalláronse as fases de construción dun camiño forestal.
CA6.2 Analizáronse planos de trazados de camiños.
CA6.3 Organizáronse os recursos humanos e materiais nos traballos de apertura e mantemento de camiños forestais.
CA6.4 Realizáronse e supervisáronse os traballos de movemento de terras, nivelación e compactación.
CA6.5 Comprobáronse os traballos de mantemento de cunetas, pasos de auga e capa de rodadura de camiños forestais.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Coordina e realiza os traballos de inventario forestal e de medición de árbores e de masas forestais, tendo en conta a súa relación coas técnicas dasométricas e coa ordenación de montes.
RA2 - Supervisa os tratamentos silvícolas das masas forestais, para o que caracteriza os procedementos de execución.
RA3 - Coordina e controla os traballos de reforestación e forestación, para o que analiza os métodos e as técnicas de cada proceso.
RA4 - Establece e supervisa os traballos de restauración hidrolóxico-forestal, para o que analiza as condicións edafoclimáticas de construción e o estado da vexetación.
RA5 - Programa os traballos silvícolas, de repoboación e de restauración hidrolóxico-forestal con base nun proxecto, para o que analiza os factores técnicos e as actuacións deses traballos.
RA6 - Coordina e controla os traballos de apertura e mantemento de camiños forestais, para o que analiza as técnicas básicas de construción.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Reformulouse a parcela obxecto do inventario.
CA1.4 Medíronse as variables utilizando os aparellos dasométricos.
CA1.5 Calculáronse áreas basimétricas, crecemento de árbores e masas forestais.
CA1.6 Cubicáronse árbores, masas forestais, madeiras delgadas, cascas e biomasa.
CA1.7 Coordináronse e organizáronse os recursos humanos e materiais nos traballos de inventario forestal e de medición de árbores e de masas forestais.
CA1.10 Aplicouse a normativa ambiental e a de prevención de riscos laborais.
CA2.3 Realizáronse e controláronse os traballos de mellora das especies implantadas.
CA2.4 Concretáronse e vixiáronse os labores culturais sobre as masas forestais.
CA2.6 Marcáronse os pés e os rebentos que se teñen que cortar nos tratamentos silvícolas sobre o voo.
CA2.7 Realizouse e verificouse a poda das árbores.
CA2.9 Regulouse e manexouse a maquinaria, os apeiros, os equipamentos e as ferramentas para os tratamentos silvícolas.
CA2.10 Aplicouse a normativa ambiental, a específica dos tratamentos silvícolas e a de prevención de riscos laborais.
CA3.4 Comprobose a calidade das plantas que se van utilizar e o seu almacenamento ou a súa distribución no monte.
CA3.7 Regulouse e manexouse a maquinaria, os apeiros, os equipamentos e as ferramentas para os traballos de reforestación e forestación.
CA3.8 Aplicouse a normativa ambiental, a específica de reforestación e forestación, e a de prevención de riscos laborais.
CA4.8 Regulouse e manexouse a maquinaria, os apeiros, os equipamentos e as ferramentas para os traballos de corrección hidrolóxico-forestal.

Criterios de avaliación do currículo
CA4.9 Aplicouse a normativa ambiental, a específica dos traballos de corrección hidrolóxico-forestal e a de prevención de riscos laborais.
CA5.2 Interpretáronse as exigencias dun prego de condicións técnicas.
CA5.3 Analizáronse as partes dun orzamento.
CA5.5 Elaborouse un calendario de actuacións.
CA5.6 Seleccionouse a maquinaria, os apeiros e os equipamentos.
CA5.7 Coordináronse e organizáronse os recursos humanos e materiais na programación dos traballos silvícolas, de repoboación e de restauración hidrolóxico-forestal.
CA5.9 Aplicáronse criterios técnico-económicos, de calidade e de sustentabilidade.
CA5.10 Aplicouse a normativa ambiental, a específica de traballos forestais e a de prevención de riscos laborais.
CA6.6 Regulouse e manexouse a maquinaria, os apeiros, os equipamentos e as ferramentas para os traballos de apertura e mantemento de camiños forestais.
CA6.7 Aplicouse a normativa ambiental, a específica dos traballos de apertura e mantemento de camiños forestais e a de prevención de riscos laborais.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para superar este módulo o alumno deberá superar a parte teórica e a práctica, o que implica que acadará unha nota de 5 puntos sobre 10 en cada unha delas. A cualificación final será o resultado de facer a media entre ambas partes, tendo en conta os puntos seguintes:

a) Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do centro onde se realizou.

b) Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que

versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Para superar a primeira parte, teórica, empregaranse os criterios de cualificación mínimos esixibles que se describen a continuación indicando o peso que supón cada un deles na nota final da parte teórica:

- Descríbóronse as masas forestais, os tipos de montes e a súa división (8%)
- Caracterizáronse os tipos de inventario forestal (2%)
- Caracterizáronse as bases de ordenación de montes e os proxectos e plans técnicos (5%)
- Analizáronse as instrucións para a ordenación de montes (8%)
- Concretáronse as bases e os principios da silvicultura (2%)
- Descríbóronse os tratamentos silvícolas sobre o voo e o solo (10%)
- Realizáronse e controláronse os traballos de mellora nas especies implantadas (5%)
- Concretáronse e víxiáronse os labores culturais sobre as masas forestais (5%)
- Descríbóronse as técnicas de recuperación de vexetación riparia degradada (2%)
- Relacionouse o relevo, o clima e a cuberta vexetal coa erosión do solo (3%)
- Descríbóronse as partes dun proxecto ou plan técnico de traballos silvícolas, de repoboación e restauración hidrolóxica forestal (5%)
- Determinouse a superficie e o momento de corta nos tratamentos silvícolas sobre o voo (8%)
- Descríbóronse as fases dunha reforestación e dunha forestación (5%)
- Determinouse a especie que se vai a repoboar en función das condicións edafoclimáticas (8%)
- Describiuse o procedemento de preparación do terreo e a eliminación da vexetación da zona que se vai a reforestar ou forestar (5%)
- Elexiuse o método de repoboación indicando o procedemento nos traballos de sementeira, plantación e reposición de fallas (3%)
- Descríbóronse as técnicas de recuperación da vexetación riparia degradada (3%)
- Relacionouse o relevo, clima e a cuberta vexetal coa erosión do solo (3%)
- Descríbóronse as partes dun proxecto ou plan técnico de traballos silvícolas, de repoboación e restauración hidrolóxico foresal (3%)
- Detalláronse as fases da construción dun camiño forestal (5%)
- Descríbóronse os traballos de mantemento de cunetas, pasos de auga e capa de rodadura de camiños forestais (2%)

Os criterios de avaliación da parte práctica, así como o peso na cualificación desta parte, detállanse a continuación:

- Reformulouse a parcela obxecto de inventario (5%)
- Medíronse as variables empregando aparellos dasométricos (15%)
- Calculáronse AB, crecementos de árbores e masas forestais (10%)
- Cubicáronse árbores, masas forestais, madeiras delgadas, cascas e biomasa (15%)
- Marcáronse os pés e os rebentos que se teñen que cortar nos tratamentos silvícolas sobre o voo (10%)

- Realizouse e verificouse a poda das árbores (10%)

Comprobase a calidade das plantas que se van a empregar nunha repoboación forestal e o seu almacenamento ou a súa distribución no monte (10%)

- Analizáronse as partes dun orzamento dun proxecto ou plan técnico (5%)

- interpretáronse as esixencias dun prego de condicións técnicas (3%)

- Elaborouse un calendario de actuacións (15%)

- Analizáronse planos de trazados de camiños forestais (2%)

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

- Consistirá nunha proba escrita que versará sobre os contidos teóricos relacionados ca primeira parte da proba.
- Esta proba constará dunha serie de preguntas que poderán ser: tipo test, preguntas cortas e/ou preguntas a desenvolver.

É preciso traer DNI, bolígrafo azul e calculadora para cálculos simples (+, -, x, /, exponencial) non programable. Non se admitirá o intercambio de ningún tipo de material entre o alumnado, tampouco o uso de equipos electrónicos de comunicación, nin para uso como calculadora.

4.b) Segunda parte da proba

-Esta proba constará dunha serie de supostos prácticos que o alumnado deberá resolver mediante a realización do/s exercizo/s proposto/s ou ben respondendo preguntas que poderán ser: preguntas curtas, preguntas a desenvolver e/ou preguntas con cálculos matemáticos. Poderase realizar en Monte como por exemplo para cubicaxe de madeira en pe, apeada ou apilada.

-É preciso traer DNI, bolígrafo azul e calculadora para cálculos simples (+, -, x, /, exponencial) non programable.